

Bos Aires 24-Nadal 1966.

Meu querido amigo Valentín:

Envíeche ese contrato que acabo de recibir con un duplicado que queda no meu poder, pregádoche encarecidamente me fagas o favor de tomarte a molestia de votarlle unha "olleada" e saber eisi si está ou non axeitada a tua conformidade. Como a cuartela onde figuran as enmendadas rubricadas por ti non ma mandaron, eu entences non podo expoñerme a recoñecer un contrato que non veña controlado e avalado por ti. Paréceme que este e xusto. Si ese que inclúe e vai xa firmado por min como veras, merece a tua aprobación, pídeche o grande favor de que o remitas a seguinte dirección: Sr Don José Ortega. Alianza Editorial S.A. Padilla 22-derecha. Madrid (9) Moitísimas gracias Valentín. Confidencialmente debe decirche, que dende os comezos de estas xestións e sempre firme nos mesmos concetos, o amigo Míguez faleume de unha entrega de 30.000 pesetas ~~XXXXXXXXXXXX~~ cuxa suma se me faría efectiva no intre mesmo de dar eu a miña conformidade sobre o contrato, e perdibir un dez por cento das ventas, cousas ambas que están trabucadas (no seu beneficio per suposto) pero que como eu preciso vivir.....pois terei que pechar os ollos e....dar marcha adiante. ? Comprendes ? Estas cousas débéronse resolver en Madrid porque tempo tivemos de abondo, pero velahí como o Bolo amaseuse alá, á eiquí cangames coas consecuencias...

O matrimonio Prada, meu bó amigo e conselleiro eiquí, está ausente. Como per cousas de negocio tive que viaxar a Chile, aproveitaron as datas Navideñas, decidindo pasalas alá cos fillos e netos. Estrano moitísimo tan bos irmáns. De Alvaro, e Antonia, garde emociadas lembranzas porque foron reiteradas as atencions e agarimos que recibín dos dous Iso non se esquece endexamáis. E ti, que per sere tamén da guardia vella, val decir un fidel irmán, precúra conservarte como deica agora xa que per desgracia ines quedando poucos. Sin mais per hoxe querido Valentín, e desexando que tanto Pilar como Alfonso e ti vexades un renacer venturoso no próximo 1967, recibide unha forte aperta da vosa

*Froixina*

Como escribín de tanta presa para ir xantar con un matrimonio amigo non me pare a escribir outra carta un pouco máis limpa e axeitada por que típres de confianza e sabes disculpar os meus atropellos; Gracias

*Alégrome moito de que o asunto de Míguez vaia "arrainando" porque é un bo rapaz e sería inxusto tal castigo. Estando nas tuas mans, coidamos que está ganando o "joleito" ¡Que eisi sexa!*

*De Madrid, pónenme moita presa, pra que lles devolva asína ese exemplar do contrato Procura que sexa eisi o auten posible Chac*